



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
XESTION

EXPEDIENTE : 11482/411
ASUNTO: PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS
"EL/ZV/B-08 EIXO AVDA. DE CASTELAO-AVDA.
EUROPA"

ANUNCIO

APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS "EL/ZV/B-08 EIXO AVDA. DE CASTELAO-AVDA. EUROPA" (EXPTE. 11482/411)

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 6 de xullo de 2012, adoptou o seguinte acordo:

"PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Plan Especial de Dotacións «EL/ZV/B-08», de iniciativa municipal, consonte a documentación elaborada pola sociedade "FRAGA G. QUIJADA PORTOLÉS E ASOCIADOS, S.L.P.", con data febreiro 2012.

SEGUNDO: Ordenar a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e en dous dos diarios de maior difusión da provincia, e notificar de forma individual e simultánea aos propietarios dos terreos afectados. Durante o mesmo prazo recabaranse das Administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos.

TERCEIRO: Publicar o acordo de aprobación inicial e apertura do período de información pública na páxina de internet municipal, así como os documentos integrantes do Plan Especial de Dotacións «EL/ZV/B-08», e solicitar informe dos departamentos municipais de Tráfico e Parques e Xardíns no tocante aos servizos da súa competencia."

Er/

Vigo, 18 de xullo de 2012
O VICEPRESIDENTE DA XMU
(Resolución do 13/07/2012)

Asdo. Carlos López Font

